



## INFORME SOBRE AS LIÑAS FUNDAMENTAIS DO ORZAMENTO 2023

En execución da Resolución da Alcaldía Presidencia de data 14 de xullo e das directrices do Sr. Concelleiro Delegado de Orzamentos e Facenda relativas a avaliación do estado de gastos e ingresos para a formación das Liñas fundamentais do Orzamento do ano 2023, elabóranse os devanditos estados, xustificando en cada caso a obtención das contías de cada un dos capítulos dos estados de gastos e ingresos e da situación do endebedamento.

### *Normativa*

Lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril, de Estabilidade Orzamentaria e Sustentabilidade Financeira.

Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais.

Orde HAP/2105/2012, de 1 de outubro, pola que se desenvolven as obrigas de subministración de información previstas na Lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril, de Estabilidade Orzamentaria e Sustentabilidade Financeira.

Orde HAP/2105/2012, de 1 de outubro, pola que se desenvolven as obrigas de subministración de información previstas na Lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril, de Estabilidade Orzamentaria e Sustentabilidade Financeira.

Directiva 2011/85/EU, do Consello, de 8 de novembro de 2011, sobre os requisitos aplicables aos marcos orzamentarios dos Estados Membros.

Regulamento (CE) nº 1466/97 do Consello de 7 de xullo de 1997, relativo ao reforzamento da supervisión das situacións orzamentarias e á supervisión e coordinación das políticas económicas, coa modificación operada polo Regulamento 1175/2011, de 16 de novembro, do Parlamento e do Consello.

Regulamento (UE) nº 549/2013 do Parlamento Europeo e do Consello, de 21 de maio de 2013, relativo ao Sistema Europeo de Contas Nacionais e Rexionais da Unión Europea.

Guía do Ministerio de Facenda e Administracións Públicas para dar cumprimento á remisión de información sobre as liñas fundamentais do orzamento do ano 2023.

Acordos vixentes sobre a suspensión do Pacto de Estabilidade Orzamentaria e activación da cláusula xeral de escape.

### *Antecedentes*

O Ministerio de Facenda, como todos os anos solicita a través da plataforma a información sobre as liñas fundamentais do orzamento do ano 2023, permanecendo en estado de incorporación de información até as 24,00 horas do día 14/09/2022.

O artigo 27.2 da Lei Orgánica 2/21012, en adiante (LOEOeSF), establece que antes do 1 de outubro de cada ano, as Comunidades Autónomas e Corporacións Locais remitirán ao Ministerio de Facenda e Administracións Públicas (agora Ministerio de Facenda e Función Pública), información sobre as liñas fundamentais que conterán os seus Orzamentos, aos efectos de dar cumprimento aos requirimentos da normativa europea.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 07/09/2022 10:06	Páxina 1 de 18
225-143	CSV: A9ACB2-BF2389-4ED559-Z2VFXJ-DMZKW4-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a>		



CONCELLO DE VIGO  
INTERVENCIÓN XERAL  
DIRECCIÓN SUPERIOR CONTABLE E ORZAMENTACIÓN

Expediente 225/143

O artigo 15 da Orde HAP/2105/2012, de 1 de outubro, pola que se desenvolven as obrigas de subministro de información previstas na Lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril, de Estabilidade Orzamentaria e Sustentabilidade Financeira, redactado polo apartado nove do artigo único da Orde HAP/2082/2014, de 7 de novembro, pola que se modifica a Orde HAP/2105/2012, establece a condición que a mesma obriga a todos os entes que conforma o Sector público, cuxo perímetro defínese máis abaixo, que antes do 15 de setembro de cada ano remitiranse as liñas fundamentais do orzamento.

Resolución do Sr. Alcalde de 14 de xullo de inicio do expediente.

Directrices do Sr. Concelleiro Delegado de Orzamentos e Facenda de data 15 de xullo, nas que se fixan os criterios que debe conter a formación das Liñas fundamentais do Orzamento.

*Contido da información a subministrar*

As liñas fundamentais dos Orzamentos para o exercicio seguinte contendo toda a información necesaria conforme á normativa europea e polo menos a seguinte información:

- Definición das principais políticas que inspiran o orzamento con indicación das medidas de ingresos e gastos nas que se basean.
- Saldo orzamentario e explicación da súa adecuación ao obxectivo de estabilidade fixado. Toda a información complementaria que permita relacionar o saldo resultante dos ingresos e gastos do orzamento coa capacidade e necesidade de financiamento calculado conforme a normas do sistema europeo de contas.
- Información sobre os ingresos previstos no proxecto de orzamentos, tanto no relativo aos recursos do sistema de financiamento suxeitos a entregas a conta e posterior liquidación como ao resto de ingresos nas súas principais rúbricas.
- Información sobre as dotacións de gastos contidas no proxecto de orzamento e as súas evolucións respecto ao exercicio precedente.
- Modificacións significativas nos criterios de orzamentación que permitan unha comparativa homoxénea co exercicio precedente.
- Información sobre as diferenzas existentes nos obxectivos e previsións, así como nas medidas ou resto de variables consideradas para a elaboración das liñas fundamentais dos Orzamentos do exercicio seguinte, en relación ás utilizadas para a elaboración do plan orzamentario a medio prazo establecido no artigo 6 da devandita Orde. De producirse diferenzas, debe procederse á remisión da información actualizada relativa ao devandito plan orzamentario.
- O estado de previsión de movemento e situación da débeda.
- O informe da intervención de avaliación do cumprimento do obxectivo de estabilidade e do límite de débeda.

*Principios básicos das liñas fundamentais do orzamento.*

O Orzamento baséase no cumprimento de forma integrada dos seguintes principios:

Equilibrio Orzamentario: Os recursos que se xeren teñen que ser suficientes para financiar os gastos de cada exercicio económico.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 07/09/2022 10:06	Páxina 2 de 18
225-143	CSV: A9ACB2-BF2389-4ED559-Z2VFXJ-DMZKW4-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a>		



CONCELLO DE VIGO  
INTERVENCIÓN XERAL  
DIRECCIÓN SUPERIOR CONTABLE E ORZAMENTACIÓN

Expediente 225/143

Estabilidade Orzamentaria: A elaboración, aprobación e execución dos Orzamentos e demais actuacións que afecten aos gastos ou ingresos do Concello de Vigo deberán dar como resultado unha situación de equilibrio ou superávit estrutural.

Sustentabilidade Financeira: Entenderase por sustentabilidade financeira a capacidade para financiar compromisos de gasto presentes e futuros dentro dos límites de déficit, débeda pública e morosidade de débeda comercial conforme ao establecido na LOEOeSF, a normativa sobre morosidade e na normativa europea.

Existe sustentabilidade da débeda comercial, cando o período medio de pago aos provedores non supere o prazo máximo previsto na normativa sobre morosidade.

Planificación económica: As políticas de gasto público deberán encadrarse nun Plan de planificación plurianual, programación e orzamentación, atendendo á situación económica, aos obxectivos de política económica e aos principios de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira.

A Planificación orzamentaria basearase no escenario marco-orzamentario máis probable ou nun escenario máis prudente. Sobre este extremo, xa foi remitido nos prazos legais previstos o Marco Orzamentario do período 2023-2025 e asinado en data 14/03/2022, nº rexistro REGAGE22e00006803808, sobre o que se sustancia agora as liñas fundamentais do orzamento.

*Perímetro de consolidación do Grupo Concello de Vigo*

A información estará expresada en termos consolidados conforme á normativa de estabilidade orzamentaria. En consecuencia, os importes, expresados en euros, virán referidos á suma de:

Entidade local principal .

Organismos Autónomos dependentes da entidade local principal.

Entes públicos vinculados ou dependentes da entidade local principal, que presten servizos ou produzan bens que non se financien maioritariamente con ingresos comerciais.

Os entes que conforman o perímetro de consolidación tomaranse da información que consta no Inventario de Entes do Sector Público Local. En este sentido no Inventario de Entes do Sector Público, o Concello de Vigo ten como entes dependentes os Organismo Autónomos seguintes:

Xerencia Municipal de Urbanismo (XMU).

Así mesmo, o Concello ten unha participación minoritaria do 10 por 100 na Empresa de Servizos Mortuorios. Inicialmente, existía unha empresa mixta como forma de xestión indirecta, a partires da liberalización do servizo pola entrada en vigor do Real Decreto Legislativo 7/1996, de 7 de xuño, transformouse a forma de prestación do servizo, a Entidade Local quedouse coa porcentaxe de capital citado. A nova forma xurídica crease o 27/09/2001. A participación é consecuencia da transformación da sociedade mercantil, e non supuxo desembolso algún con cargo o orzamento da Entidade Local.

Tamén se mantén unha participación minoritaria do 1,37 por 100 no capital da Sociedade Universitaria SA, sendo o importe desta participación de 50.726,25 euros. O obxecto social desta sociedade mercantil é a xestión da cidade universitaria de Vigo.

A participación no Consorcio Casco Vello de Vigo é minoritaria, representa o 10% da totalidade das achegas, formando parte do perímetro de consolidación do Orzamento da Xunta de Galicia.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 07/09/2022 10:06	Páxina 3 de 18
225-143	CSV: A9ACB2-BF2389-4ED559-Z2VFXJ-DMZKW4-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a>		



CONCELLO DE VIGO  
INTERVENCIÓN XERAL  
DIRECCIÓN SUPERIOR CONTABLE E ORZAMENTACIÓN

Expediente 225/143

No inventario de entes están engadidas no perímetro de consolidación as Fundacións seguintes: (MARCO e CONVENTION BUREAU ), polo que se toman en consideración aos efectos de consolidación de estados.

En consecuencia co anterior, as sociedades mercantís e o CCVV, non forman parte do perímetro de consolidación.

O perímetro de Consolidación establecido para o Concello de Vigo, queda limitado á Entidade Local e o Organismo Autónomo Administrativo Xerencia Municipal de Urbanismo, Fundación Convention Bureau e a Fundación MARCO.

O financiamento da Fundación MARCO é maioritariamente a cargo do Concello, financiando case o 70% do seu orzamento, e a da CONVENTION BUREAU, está próxima ao 50%, aínda que o seu Orzamento, contén outra previsión para o Plan de promoción das Illas Cíes, sendo o financiamento público da matriz, do 91,5% polo que, a consolidación non vai ter repercusión algunha, xa que hai que anular as transferencias de financiamento que se fan ás Fundacións.

*Obxectivos de cumprimento da regra do gasto, estabilidade e endebedamento*

O Orzamento e as liñas fundamentais deben ter en conta os obxectivos das regras fiscais de estabilidade orzamentaria, regra de gasto e o límite de débeda, expresados en termos porcentuais sobre o PIB.

O artigo 15 da Lei Orgánica 2/2012, relativo ao establecemento dos obxectivos de estabilidade orzamentaria e débeda pública para o conxunto de Administracións Públicas, sinala no seu apartado primeiro que corresponde ao Goberno da Nación dentro dos seis primeiros meses do ano a fixación dos obxectivos de estabilidade orzamentaria e de débeda pública referidos a o tres exercicios seguintes, tanto para o conxunto de Administracións Públicas como para cada un dos seus subsectores.

O apartado segundo establece que para a fixación do obxectivo de estabilidade orzamentaria terase en conta a regra de gasto reflectida no artigo 12 da LOEOSF, a cal será a referencia a ter en conta pola Administración Central e cada unha das Comunidades Autónomas e Corporacións Locais na elaboración dos seus orzamentos, que marca a evolución do gasto.

Aos efectos previstos no parágrafo anterior, antes do 1 de abril de cada ano o Ministerio de Facenda e Administracións Públicas remitirá as respectivas propostas de obxectivos ao Consello de Política Fiscal e Financeira das Comunidades Autónomas e á Comisión Nacional de Administración Local, que deberán emitir os seus informes nun prazo máximo de 15 días a contar desde a data de recepción das propostas na Secretaría Xeral do Consello de Política Fiscal e Financeira das Comunidades Autónomas e na secretaría da Comisión Nacional de Administración Local.

*Suspensión das regras fiscais.*

A data na que se está informando, hai pronunciamento da Comisión Europea sobre a continuidade para o ano 2023 sobre a suspensión do Pacto de Estabilidade e Crecemento, que leva suspendido por aplicación da cláusula de escape para os anos 2020/2021/2022/2023, aínda que non hai acordo adoptado polo Goberno nin polas Cortes Xerais, sobre os requisitos ou referencias a manter para o ano 2023.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 07/09/2022 10:06	Páxina 4 de 18
225-143	CSV: A9ACB2-BF2389-4ED559-Z2VFXJ-DMZKW4-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a>		



CONCELLO DE VIGO  
INTERVENCIÓN XERAL  
DIRECCIÓN SUPERIOR CONTABLE E ORZAMENTACIÓN

Expediente 225/143

No escenario que se expón para o próximo exercicio 2023, salvo que se produzan cambios nas previsións actuais, non se reactivarán as regras fiscais. No devandito escenario, o límite de gasto non financeiro para 2023, xunto co orzamento, haberá de ser coherente e compatible co cumprimento das directrices que se aproben polo MINHFP.

*Taxas de referencia de 2023.*

A taxa de referencia a aplicar prevista polo MINHFP, é a dun 0,1% do PIB para o subsector local, polo que hai que partir dun escenario de cumprimento, no que o límite de gasto non financeiro para 2023, xunto co orzamento, haberá de ser coherente e compatible co cumprimento do obxectivo da taxa de referencia, polo tanto, de estabilidade orzamentaria na fase de aprobación e dun superávit do 0,1% do PIB na liquidación do citado exercicio 2023.

Ao marxe de estar determinadas unhas taxas de referencia do déficit/superávit, as EE.LL sempre teñen que dar cumprimento ao equilibrio orzamentario que está vixente en aplicación do previsto no artigo 165 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, de tal forma que o orzamento xeral atenderá ao cumprimento do principio de estabilidade, e ao principio de responsabilidade fiscal ao que se refire o artigo 8 da LOEOSF que non está suspenso, nin o resto da normativa hacendística.

*Orzamento de partida aos efectos de fixar as liñas fundamentais*

A base de cálculo é a Liquidación Orzamentaria do ano 2021, aprobada polo Sr. Alcalde Presidente por Resolución de data 03/02/2022 (Expediente 216/143), da que se deu conta ao Pleno na Sesión do 23/02/2022, que foi enviada ao MINHAC, e do Orzamento para o ano 2022 aprobado con carácter definitivo polo Pleno da Corporación en sesión do 23/12/2021, sendo polo tanto as bases de cálculo citadas un instrumento obxectivo para proxectar a Liquidación do ano 2022 e o proxecto orzamentario do ano 2023.

Coa excepción da variación tendencial do gasto e dos ingresos, así como os convenios vixentes en materia de cofinanciamento, non se adoptaron a esta data, decisión algunha que supoña un aumento ou redución do gasto, nin supresión de organizacións ou organismos (Por acordo do Pleno en sesión de 26/10/2015, disolvéronse os OO.AA Instituto Municipal dos Deportes, Escola Municipal de Artes e Oficios e Parque das Ciencias Vigo Zoo).

En canto ás variacións máis importantes nos estados de gastos e ingresos, farase un detalle na análise por capítulos, aínda que as salientables son as variación dos subministros enerxéticos e a variación no contrato do Servizo de Axuda no Fogar (SAF), contrato de limpeza das instalacións deportivas e o novo contrato de prestación de servizos nas piscinas e ximnasia municipais.

*Competencia para a aprobación das liñas fundamentais do orzamento do ano 2022.*

De conformidade co previsto no artigo 168.1 do TRLRHL, aprobado polo Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo e artigo 18.1 do R.P., aprobado polo Real Decreto 500/1990, de 20 de abril, a formación do proxecto dos orzamentos corresponde ao Alcalde-Presidente da Corporación, e será aprobado pola Xunta de Goberno Local e someterase a aprobación do mesmo ao Pleno da Corporación, previo Ditame da Comisión de Orzamentos e Facenda.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 07/09/2022 10:06	Páxina 5 de 18
225-143	CSV: A9ACB2-BF2389-4ED559-Z2VFXJ-DMZKW4-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a>		



En consecuencia, é o Alcalde-Presidente da Corporación quen debe fixar os límites dos orzamentos dentro dos obxectivos fiscais ou taxas de referencia previstas en cada caso, todo elo sen prexuízo da competencia do Pleno da Corporación para aprobar os Orzamentos anuais formados e propostos polo Alcalde-Presidente, aínda que se deberá dar conta ao Pleno da Corporación, por ser este o órgano que ten competencia para aprobalos, aínda que esta dación de conta non é vinculante.

En execución dese mandato legal, elaboráronse as liñas do orzamento que agora van ser sometidas á aprobación.

Polo tanto, sométese á decisión do Sr. Presidente da Corporación, a aprobación para a súa remisión ao Ministerio de Facenda e Administracións Públicas, as liñas fundamentais do orzamento do ano 2023.

#### *Criterios tidos en conta para a formación liñas orzamentarias*

As liñas fundamentais do orzamento da entidade local deberán elaborarse a nivel consolidado para todos aqueles entes que formen parte do subsector S.1313 Corporacións Locais de Contabilidade Nacional dentro da entidade local (SEC-2010).

A información está en termos consolidados conforme á normativa de estabilidade orzamentaria, os importes, expresados en euros, virán referidos á suma de: Entidade local principal, Organismo Autónomo dependente da entidade local principal, Entes públicos vinculados ou dependentes da entidade local principal, que presten servizos ou produzan bens que non se financien maioritariamente con ingresos comerciais e estean sectorizados como Administración Pública, incluíndo ás Fundacións MARCO e CONVENTION BUREAU.

En relación cos estados de marco orzamentario e as liñas fundamentais.

Non hai modificacións significativas nos criterios de orzamentación que dificulten unha comparativa homoxénea co exercicio precedente, coa excepción de reflectir no Orzamento do ano 2023 a evolución no gasto corrente que ten causa nos prezos dos subministros enerxéticos e o prezo que estes e a inflación están a producir nos contratos que están en licitación que entran en vigor no ano 2023.

Variacións en relación co previsto no marco orzamentario de medio prazo.

No capítulo 1 do estado de gastos, non é significativa, no Marco orzamentario prevíase unha actualización do 2% e nas liñas do 3%. A esta data, non hai información ao respecto, polo que esta dotación é estimativa. O incremento en relación co ano 2022, vai a estar nos 2,7 millóns de euros.

No capítulo 2, a variación é importante, sendo as máis salientables as seguintes:

O contrato do SAF con maior nº de horas de prestación a un custe de 16,69 euros/hora), prezo do contrato segundo o número de horas aprobado pola Xunta de Galicia 633.560 horas, supón un custe do contrato de 10.574.116,40 euros, representando un incremento de 2.844.285,41 euros no ano 2023 en relación co orzamento do ano 2022.

Hai que incrementar de forma importante a dotación para subministro eléctrico, gas e restantes combustibles, cuantificación que remite a Área de Fomento.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 07/09/2022 10:06	Páxina 6 de 18
225-143	CSV: A9ACB2-BF2389-4ED559-Z2VFXJ-DMZKW4-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a>		



CONCELLO DE VIGO  
INTERVENCIÓN XERAL  
DIRECCIÓN SUPERIOR CONTABLE E ORZAMENTACIÓN

Expediente 225/143

En relación co subministro eléctrico, o incremento de gasto é de 4.626.071,32 euros, un 71%, considerándose unha estimación moi prudente.

Outros contratos suxeitos a variación, son o de prestación de servizos nas piscinas e ximnasios, en tramitación, que entrará en vigor o 1 de xullo de 2023. Nesta área, tamén vai a ter importancia o novo contrato de limpeza das instalacións deportivas, que ao entrar en funcionamento novas instalacións (Quirós, Romil, Baixo da grada de Río, inclúe a ETEA..), o contrato ten un aumento do 90% en relación co vixente. Tamén ten modificación á alza o contrato de mantemento das zonas verdes e xardíns e os novos contratos das Escolas infantís.

O Contrato de seguro de responsabilidade civil incrementa o seu custe nun 108%.

Tamén teñen unha variación á alza, o contrato de xestión integral dos residuos.

O convenio coa Excm. Deputación en relación co programa de mellora de viais.

Si se illase a variación do SAF e o aumento nas dotacións asociadas ao subministro eléctrico e gas que afecta ás piscinas, a variación do capítulo II, sería inferior ao 2%, coincidente co previsto no mes de marzo para este capítulo.

No capítulo 4, a variación está no 2,6%, aínda que a variación en relación ao marco é de un punto.

Capítulo 6. A diferenza ten causa na, variación do superávit inicial, a variación do gasto corrente non financeiro en máis de 16 millóns de euros, aínda que si se deduce o efecto do contrato do SAF, xa que tamén aumenta o cofinanciamento, a incremento sería de 10 millóns de euros, que afecta a capacidade de investimento, sendo esta a causa que xustifica a variación deste capítulo entre o Marco Orzamentario e as Liñas Fundamentais.

A variación entre o Marco orzamentario e as liñas fundamentais, e de 11 millóns de euros.

Inclúese neste capítulo a previsión dos ingresos asociados ao MRR cunha contía de 10,5 millóns de euros, así como o convenio coa Deputación de Pontevedra.

En canto aos ingresos, a variación do capítulo 1, ten causa fundamentalmente no reaxuste que se produce no IIVTNU pola aplicación do Real Decreto-lei 26/2021, que adapta o texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais á xurisprudencia do Tribunal Constitucional, isto supón unha baixa de 2 millóns de euros. Os resto, son axustes técnicos no IVTM e no IAE.

No capítulo 2, a variación é do 6,17, correspondendo o 3% na cesión do IVE e o resto a un axuste tendencial no ICIO.

No capítulo 3, non hai variación é tendencial.

O capítulo 4, a variación ten as seguintes causas: i), a liquidación positiva na PIE do ano 2021, por un contía de 2,6 millóns, non prevista no Marco, xa que non se dispoñía da información, ii) unha estimación na variación do FCF do 3%, iii) incremento da subvención para o Servizo de Axuda no Fogar, que a súa vez ten causa nun incremento no nº de horas de prestación, e no aumento do cofinanciamento. A previsión estará en función das horas polo financiamento hora (611.000 horas de dependencia e 22.560 de libre concorrencia cun cofinanciamento de 11,5 euros/hora en dependencia e 2,8 euros/hora libre concorrencia), o que supón un aumento de 3 millóns de euros, iv) un axuste segundo o recibido no ano 2021 da axuda ao TUC, por unha contía 0,5 millóns.

O capítulo 7, ten unha variación importante, a diferenza son os fondos do MRR.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 07/09/2022 10:06	Páxina 7 de 18
225-143	CSV: A9ACB2-BF2389-4ED559-Z2VFXJ-DMZKW4-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a>		



CONCELLO DE VIGO  
INTERVENCIÓN XERAL  
DIRECCIÓN SUPERIOR CONTABLE E ORZAMENTACIÓN

Expediente 225/143

Capítulo	Gatos en millóns		Ingresos en millóns	
	Marco Orz.	Liñas Fundamentais	Marco Orz.	Liñas Fundamentais
1	80,18	81,28	114,25	111,72
2	140,35	151,44	10,88	11,01
3	0,32	0,57	42,31	42,86
4	26,42	27,4	96,83	104,31
5	0,6	0,6	2,81	2,94
6	23,75	27,65	0	0
7	0,82	0,92	5,01	16,52
8	0,53	0,53	0,53	0,53

Segundo a Guía do Ministerio de Facenda e Administracións Públicas, os gastos do ano 2023 tomaranse segundo as dotacións iniciais, mentres que as do ano 2022, faranse tendo en conta as previsións de obrigas que se van a recoñecer na Liquidación do Orzamento. É dicir, para o ano 2022, segundo o formulario F.2.1.2, debe facerse a proxección da Liquidación do estado de gastos, mentres que para o ano 2023 son as dotacións iniciais. A heteroxeneidade dos criterios, vai amosar unha variación entre a previsión de Liquidación coñecida a esta data coas previsións iniciais do ano 2023.

En sentido contrario, hai unha estimación de obrigas recoñecidas na previsión da Liquidación do ano 2022 por contía inferior cos créditos iniciais previstos para o ano 2023.

A variación do gasto e a proxección das obrigas recoñecidas do orzamento ao período 2022-2023, non está a ter en consideración unha taxa de variación ao estar en suspenso os obxectivos das regras fiscais e estar substituídos pola taxa de referencia do déficit. En todo caso, a variación final do gasto computable si é positiva, relevante, que vai a xerar un déficit na Liquidación do ano 2022. En canto á variación orzamentaria para o ano 2023, a mesma sustánciase no incremento de financiamento doutras administracións.

Os criterios que se tiveron en conta para a variación do gasto, teñen a súa base de cálculo, na plantilla efectiva, nos contratos de servizos, na xestión dos servizos públicos, nos gastos operativos e de funcionamento, nos de mantemento, nas transferencias ao transporte público, plans de emprego, investimentos necesarios, etc.

As previsións de liquidación do orzamento do ano 2022, ten o seu fundamento nas porcentaxes de obrigas recoñecidas nos últimos cinco anos. Ademais do histórico, tamén se toma en consideración as obrigas recoñecidas a esta data así como os expedientes en trámite correspondentes aos investimentos e as previsións de obrigas que en cada caso poden xerar ao longo do ano 2022, de aí, que a base de cálculo que se está a ter en consideración, é unha base obxectiva con un grado obxectivo de certeza.

No caso das previsión do gasto que se prevé executar no capítulo 6 (investimentos), representa un 50% das previsión definitivas, prevéndose un nivel de execución alto no segundo semestre, aínda que non e alcanzaron os obxectivos previstos no primeiro semestre.

A variación deste capítulo entre o Orzamento aprobado o 23/12/2021 para o ano 2022 e o previsto unha vez que se tramite a modificación orzamentaria nº 75/2022, en trámite, en termos consolidados é de 149 millóns de euros, pasando dos 40,7 millóns de euros a 149 millóns euros, tendo causa esta variación na incorporación de remanentes, expediente nº 211/143 por una contía de 30,69 millóns de euros, e nas modificacións orzamentarias dos expedientes números 74/142 e 75/142 por unha contía de 42,26 e 28,2 millóns de euros , respectivamente.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 07/09/2022 10:06	Páxina 8 de 18
225-143	CSV: A9ACB2-BF2389-4ED559-Z2VFXJ-DMZKW4-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a>		





## CAPÍTULO 1 (Gastos de Persoal).

As previsión de variación do IPC<sub>2022-2023</sub> son distintas en función da fonte, Funcas prevé un escenario central (nin baixo nin alto) do 9% para o ano 2022 e dun 3% para o ano 2023. O Consello Xeral de Economistas, ten unha previsión menor, 7,1% para o ano 2022 e un 2,5% para o ano 2023, o Banco de España sitúa a inflación en 2022 no 7,4% e nun 3,3% no ano 2023, e un crecemento da economía do 4,1% no ano 2022 e nun 2,8% no ano 2023.

Tampouco cabe un pronunciamento sobre a posición do Goberno en relación coa variación que se vai aplicar as retribucións. No Plan de Estabilidade enviado a Bruselas, facía referencia a que as pensións e as retribucións dos traballadores ao servizo do Sector Público, axustarían a súa variación ao IPC. No entanto con posterioridade, introduciu matices e, dentro dun pacto de rendas futuro, prevé que as retribucións queden nun moderado 3% para o ano 2023, que é bastante aproximado á variación do IPC previsto, aínda que moi lonxe do acontecido no ano 2022, onde os salarios foron revisados nun 2% e a inflación prevista, no baixará do 7,1%-9% dependendo da fonte, cunha previsión agora incluso máis alta, estimándose pola Comisión Europea nun 8,1%.

No caso que nos ocupa, a previsión coa que se vai a facer a cuantificación do capítulo 1, será a do 3%.

Esta actualización só será aplicable aos seguintes conceptos: 120, 121, agás a 9200.1210300, 140, 143 e aos axustes nas bases de cotización da SS.

A aplicación 9200.1210300, manterá a mesma dotación, agás que o Orzamento do ano 2023, xa reflecta a creación de prazas correspondente ao Plan de Estabilización de emprego aprobado pola Xunta de Goberno.

A aplicación 9200.1430001 que reflicte a dotación para as relacións laborais indefinidas, contera a contía necesaria para facer fronte ao gasto de todo o exercicio orzamentario coa actualización do 3%, agás que se doten xa as prazas previstas no Plan de Estabilización.

De resultar que a Lei de Orzamentos Xerais do Estado para o ano 2023 ou calquera instrumento legal (Rd-lei), contemplase unha actualización distinta, as retribucións variarán en función do que estableza a norma, en máis ou en menos.

## CAPÍTULO 2 (Gastos en bens correntes e servizos).

Neste capítulo prodúcese unha variación á alza como consecuencia da entrada en vigor do novo contrato de xestión integral e valorización dos residuos sólidos urbanos a partires do 1 de xullo de 2022, o impacto orzamentario vai a repercutir na totalidade do ano.

O mantemento de xardíns e parques infantís ten o incremento que suporá a entrada en vigor do mantemento de novas zonas como a Gran Vía, o novo espazo Vialia, etc, que supón unha variación de 0,8 millóns.

O novo contrato do SAF con maior nº de horas de prestación a un custe de 16,69 euros/hora), prezo do contrato segundo o número de horas aprobado pola Xunta de Galicia 633.560 horas,



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 07/09/2022 10:06	Páxina 9 de 18
225-143	CSV: A9ACB2-BF2389-4ED559-Z2VFXJ-DMZKW4-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a>		



CONCELLO DE VIGO  
INTERVENCIÓN XERAL  
DIRECCIÓN SUPERIOR CONTABLE E ORZAMENTACIÓN

Expediente 225/143

supón un custe do contrato de 10.574.116,40 euros, que supón un incremento de 2.844.285,41 euros.

A dotación para subministro eléctrico, gas e restantes combustibles, cuantificación que remite a Área de Fomento. En relación co subministro eléctrico, o incremento de gasto é de 4.626.071,32 euros, un 71%, estimación moi prudente.

En relación coa área de Deportes, tamén hai un incremento importante en relación co contrato de prestación de servizos nas piscinas e ximnasia, aínda que só vai afectar a medio ano, entrando en vigor o 1 de xullo de 2023, representado un aumento de gasto de 573 mil euros.

O contrato de apertura e peche de instalacións, tamén incrementa en 105 mil euros.

O novo contrato de limpeza das instalacións deportivas, que ao entrar en funcionamento novas instalacións (Quirós, Romil, Baixo da grada de Río..), ten un aumento do 90%, uns 300 mil euros.

O novo contrato de seguro de responsabilidade civil, cun incremento de 199 mil euros.

O incremento esperado desde capítulo é importante, aínda que o 50% do mesmo ten causa na prestación do servizo de SAF e practicamente o resto, está asociado ao custe dos combustibles e electricidade. É de esperar que o incremento estea no entorno do 9,5% en relación coa dotación do ano anterior, cada punto porcentual de incremento neste capítulo supón 1,4 millóns.

Si se illase a variación do SAF e o aumento nas dotacións asociadas ao subministro eléctrico e gas que afecta ás piscinas, a variación do capítulo II, sería inferior ao 2,5%.

### CAPÍTULO 3 (Gastos financeiros).

Os gastos financeiros reflectidos neste capítulo refírense ás consignacións de pagos de intereses de demora, execución de avais e outras garantías. Non hai que facer dotación algunha xa que o Concello non ten débeda financeira, polo que non hai devengo de xuros por préstamos. A dotación que se reflicte, é para facer fronte aos gastos de xuros por devolución de ingresos.

### CAPÍTULO 4 (Transferencias e Subvencións Correntes).

As transferencias correntes comprenden os créditos por achegas do Concello sen contraprestación dos axentes receptores e con destino a operacións correntes, engadindo, entre outras, as transferencias de financiamento ás Fundacións, Organismo Autónomo Xerencia Municipal de Urbanismo, Mancomunidade de Municipios da Área de Vigo, Entidade Menor de Bembrive, subvención aos usuarios do transporte público colectivo canalizadas a través da concesionaria, Becas de comedor e libros, Axudas de emerxencia, Axudas para alimentos, alugueiros e carencia enerxética, axudas ao deporte, axudas a creación e fomento do emprego, axudas a colectivos culturais....

Neste capítulo están as subvencións a actividades ou estímulos concretos e noutros casos, son transferencias de financiamento, como é caso do Organismo Autónomo Xerencia Municipal de Urbanismo, Fundacións, Mancomunidade e Entidade Menor de Bembrive.

A de maior contía e a subvención aos usuarios do Transporte urbano colectivo, que tendo en conta a condición de usuarios descoñecidos, o prezo de billete é único para todos os usuarios, e se subvenciona unha parte do custe a determinados colectivos por razóns de rendas e outras causas



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 07/09/2022 10:06	Páxina 10 de 18
225-143	CSV: A9ACB2-BF2389-4ED559-Z2VFXJ-DMZKW4-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a>		



CONCELLO DE VIGO  
INTERVENCIÓN XERAL  
DIRECCIÓN SUPERIOR CONTABLE E ORZAMENTACIÓN

Expediente 225/143

canalizadas a través da concesionaria do servizo, no figurando como subvencionados na Base Nacional de Subvencións, aínda que pagan unha contía inferior que a tarifa aprobada para a concesionaria .

Non hai previsións de incrementos neste capítulo, polo que as variacións non serán superiores en  $\pm$  2,5% en relación co ano 2022, sempre en termos de estados consolidados.

CAPÍTULO 5 (Fondo de Continxencia).

O Fondo de continxencia terá unha dotación de 600.000,00 euros, igual que no 2022.

CAPÍTULO 6 (Investimentos reais).

Neste capítulo teñen que reflectirse os acordos asinados coa Excm. Deputación de Pontevedra, e se fose o caso, o financiamento que corresponda en relación cos fondos NextGeneration pola anualidade do ano 2023 nas convocatorias que se abran.

Asi mesmo, incorporaranse as anualidades dos gastos plurianuais dos investimentos financiados con financiamento propio que tiveron o seu inicio no ano 2022 ou anteriores, que teñan vixencia no ano 2023.

Faranse os axustes anuais en función do prazo de execución dos proxectos e o seu estado de tramitación, polo que, será necesario facer os axustes de anualidades se fose caso.

En relación cos fondos NextGenerationEU, están abertas novas convocatorias, polo que, aquelas cuxo financiamento está asociado a unha contía por habitante, serán reflectidas no Orzamento, nos demais casos, os acordos concretos que se produzan na fase de formación do Proxecto do Orzamento, incorporaranse ao mesmo o cofinanciamento alleo e o financiamento propio.

O capítulo 6, de investimentos reais, deberá axustar a súa dotación ao Plan de Actuación de Inversión e Financiamento incorporado ao Orzamento do ano 2023.

Este capítulo diminúe en relación co ano 2022, nese ano estaba previsto a dotación de determinados proxectos do MRR cunha contía próxima aos 13 millóns de euros, así como a anualidade do EDUSI, que representaban en total 23,8 millóns, que neste ano so está reflectida a contía do Zonas de Baixas Emisións do mecanismo, por unha contía de 10,5 millóns de euros e o convenio coa Excm. Deputación por 5,5 millóns.

CAPÍTULO 7 (Transferencias e subvencións de capital).

A dotación será a que se corresponda coa convocatoria anual de axudas aos distintos colectivos sociais e AA.VV, as axudas a novas ou melloras de instalacións deportivas e axudas para a mellora de infraestrutura de inmobles das asociacións sen ánimo de lucro.

Tendo en conta a contía reflectida no ano 2022, a variación que se produza non terá unha repercusión importante en termos porcentuais nin cuantitativamente, en todo caso, a variación será á baixa.

O peso orzamentario deste capítulo no conxunto do Orzamento é baixo.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 07/09/2022 10:06	Páxina 11 de 18
225-143	CSV: A9ACB2-BF2389-4ED559-Z2VFXJ-DMZKW4-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a>		



**CAPÍTULO 8 (Activos financeiros).**

Os activos financeiros están constituídos por anticipos de pagas ao persoal, coa súa contrapartida en gastos; axustándose á baixa a dotación do ano anterior.

**CAPÍTULO 9 (Pasivos financeiros).**

Comprenden os pasivos financeiros correspondentes aos gastos por amortización de pasivos financeiros; devolución de depósitos e fianzas. Non hai saldo pendente de débeda financeira.

**MEDIDAS DO ESTADO DE INGRESOS**

Criterio xeral aplicado.

As Ordenanzas fiscais en trámite non prevén a actualización de tipos, polo que, as variacións que se produzan nos capítulos, agás do 4 e 7, serán pouco relevantes, e estarán asociadas a axustes de censos, axustes técnicos e variacións tendenciais.

**CAPÍTULO 1 (Impostos directos, IBI, IAE, IIVTNU, IVTM, Cesión IRPF).**

Os impostos directos regulamentados na Orde EHA 3565/2008, de 3 de decembro, son os seguintes: Imposto de Bens Inmóveis, o Imposto de Actividades Económicas, o Imposto de Vehículos de Tracción Mecánica e o Incremento do Valor dos Terreos de Natureza Urbana, reflectíndose neste capítulo a cesión por IRPF da Administración Xeral do Estado, por estar este Concello no ámbito subxectivo previsto no artigo 111 do TRLRFL.

A variación que se terá en conta axustarase ao contido das Ordenanzas Fiscais, axustando os padróns as variacións tendenciais da conxuntura económica. En relación cos tipos aplicables aos Impostos directos, non está prevista variación en relación co ano anterior, agás as que xurdan dos axustes técnicos e os legais, neste caso está o Real Decreto-lei 26/2021, que adapta o texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais á xurisprudencia do Tribunal Constitucional .

En relación co imposto cedido polo Estado do IRPF, a súa variación estará en función da comunicación que faga o MINHAFP, que a esta data non está notificada, aínda que foi exposta na xuntanza da CNAL do 27 de xullo. Vaise a facer a mesma previsión que os ingresos a conta do ano 2022, tendo en conta a variación prevista do PIB para o ano 2023, vaise aplicar un incremento do 3%, inferior en todo caso ao crecemento previsto.

Este capítulo vai a ter unha menor previsión do (1,25), sen da causa o axuste por aplicación do Rd-I 26/2021.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 07/09/2022 10:06	Páxina 12 de 18
225-143	CSV: A9ACB2-BF2389-4ED559-Z2VFXJ-DMZKW4-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a>		



## CAPÍTULO 2 (Impostos indirectos, ICIO, Cesión IVE e Cesión II.EE).

Os ingresos resultantes dos impostos indirectos, Imposto sobre Construcións, Instalacións e Obras, a variación do ICIO ten causa na actividade inmobiliaria.

Para a cesión do IVE e II.EE, manterase o mesmo criterio que o previsto para o IRPF, sempre tendo en conta as entregas a conta regularizadas, até que se achegue outra información cunha variación do 3%.

Este capítulo vai a ten unha maior previsión do 6,17%.

## CAPÍTULO 3 ( Taxas, prezos públicos, ocupación de dominio público, infraccións).

Os ingresos previstos por operacións correntes procedentes de taxas, prezos públicos e outros ingresos, teñen variación en relación co ano 2022, no caso das telecomunicacións dando cumprimento á doutrina e sentenzas.

A variación de este capítulo é baixa, 2,3%.

## CAPÍTULO 4 (Ingresos por transferencias de financiamento FCF, Fondo de Cooperación Local, Subvención a TUC, subvencións e cofinanciamento de servizos como o SAF e CEDRO).

O concepto relevante deste capítulo é o do Fondo Complementario de Financiamento. As previsións para o concepto de FCF, vaise a axustar aos ingresos a conta do ano 2022 máis unha previsión de crecemento do 3% tendo en conta a proxección da economía para o ano 2023, até que se teña outra información. Tamén se ten en conta a Liquidación positiva do ano 2021.

A participación nos Ingresos da Comunidade Autónoma farase a previsión de acordo as entregas feitas máis a Liquidación, manténdose as contías do ano 2022.

En relación coa subvención para o Servizo de Axuda no Fogar ten en conta o aumento das horas de servizo que se van a prestar. A previsión estará en función das horas polo financiamento hora (611.000 horas de dependencia e 22.560 de libre concorrencia cun cofinanciamento de 11,5 euros/hora en dependencia e 2,8 euros/hora libre concorrencia).

Para o servizo do CEDRO mantense a contía das entregas a conta até a data.

A subvención ao transporte público colectivo urbano (TUC) se prevé a mesma contía ca do ano precedente cunha variación do 2%, polo tanto, tampouco será obxecto de axuste, salvo que conorra algunha modificación de tipo legal que faga necesario facer algún tipo de axuste.

A variación neste capítulo é do 11,29%.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 07/09/2022 10:06	Páxina 13 de 18
225-143	CSV: A9ACB2-BF2389-4ED559-Z2VFXJ-DMZKW4-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a>		



CONCELLO DE VIGO  
INTERVENCIÓN XERAL  
DIRECCIÓN SUPERIOR CONTABLE E ORZAMENTACIÓN

Expediente 225/143

CAPÍTULO 5 (Ingresos patrimoniais).

Os ingresos patrimoniais proveñen de rendas de inmobles e rendementos financeiros.

Tamén se imputarán a este capítulo, a explotación por alugueiros do Auditorio Mar de Vigo e Zonas Complementarias e o Hotel. Neste concepto terase en conta as condicións do contrato de prórroga.

Tamén está axustado co mesmo criterio o contrato para a explotación dos espazos culturais.

Forma parte deste capítulo, tamén os dividendos da participación en empresas.

A retribución dos saldos de tesourería prevese nula.

A variación é positiva, nun 5,43%.

CAPÍTULO 6 (Alleamento de Investimentos reais).

As operacións de vendas de PMS, tendo en conta que están inventariadas na XMU, corresponderá ao Organismo Autónomo o seu rexistro. En relación coa venda de bens patrimoniais que se produzan na Entidade Local, se fose o caso, rexistraranse no acto no que se produza a mesma, tramitando a preceptiva modificación orzamentaria no estado de gastos pola contía da venda.

CAPÍTULO 7 (Transferencias e Subvencións de Capital).

O Capítulo VII de Transferencias e Subvencións de Capital do Orzamento de Ingresos, ten previsto as contías que se corresponden cos convenios vixentes coa Deputación de Pontevedra en relación coa reforma de Balaídos. En relación cos fondos NextGenerationEU, reflectese a contía, da nova convocatoria, na que ao Concello correspóndelle 35,5 euros habitante.

Se se asinasen convenios de financiamento finalista antes de pechar a información do ano 2023, habería que incorporalos.

A variación inicial deste capítulo é negativa nun (27,8%).

CAPÍTULO 8 (Activos Financeiros).

Os activos financeiros veñen reflectidos polos ingresos provenientes de anticipos de pagas a persoal, coa súa contrapartida en gastos, ambas contías son coincidentes.

Non hai variacións.

CAPÍTULO 9 (Pasivos Financeiros).

Os pasivos financeiros veñen reflectidos polos ingresos provenientes de operacións de crédito concertadas pola Corporación.

Nas políticas marcadas polo goberno, non está previsto a concertación de operación de débeda no ano 2023, estando os investimento financiados na súa totalidade polo superávit orzamentario.

Non hai variacións.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 07/09/2022 10:06	Páxina 14 de 18
225-143	CSV: A9ACB2-BF2389-4ED559-Z2VFXJ-DMZKW4-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a>		



CONCELLO DE VIGO  
INTERVENCIÓN XERAL  
DIRECCIÓN SUPERIOR CONTABLE E ORZAMENTACIÓN

Expediente 225/143

Financiamento finalista

Concepto	Institución/CONCEPTO	Importe
45002	Xunta de Galicia/ Plan Concertado, SAF	7.126.500,00
45003	Xunta de Galicia/Cedro	541.039,00
45030	Xunta, Escolas Infantís Municipais	383.785,00
42091	Administración Central/Sub. Transporte urbano colectivo	1.713.334,09
461	Convenio 2021-2023, programa de mellora de viais	1.300.000,00
46700	Transferencia Consorcio CV. Persoal adscrito	72.343,65
49156	DUSI OT9, LA19	112.000,00
Total cap.4		11.249.001,74
750	Subvención capital XMU	75.000,00
76110	Deputación Convenio Balaidos	289.764,95
76114	Deputación, Recuperacion dunas de Samil	1.600.000,00
76121	Deputación, Humanización Rotonda Barco e Darío Durán	600.000,00
76123	Deputación, Humanización San.Roque, G.Espino-E.Ruisiñor	1.000.000,00
76125	Deputación, Vigo Vertical, Trv. Vigo-Rúa Aragón	600.000,00
76126	Deputación, Vigo Vertical, Camelias-Hispanidade Romil	943.697,48
76127	Deputación, Vigo Vertical, J.Benavente-Torrecedeira	820.000,00
79153	DUSI programa de comunicación	80.000,00
79166	Fondos NextGenerationEU, Vigo Vertical, C.Losada-R. Nieto	1.349.638,24
79167	Fondos NextGenerationEU, Vigo Vertical, R.Nieto-Fonte Oscura	1.652.566,95
79168	Fondos NextGenerationEU, Conexión Peonil NAVIA	6.322.314,05
79169	Fondos NextGenerationEU, Zona de Baixas Emisións	1.190.082,64
Total cap.7		16.523.064,31
Total (A)		27.772.066,05

Axustes de consolidación (B)

Aplicación	Institución	Importe
1510.4100000	Transferencia de financiamento á XMU	5.829.965,00
3330.4890003	Transferencia de financiamento á FUNDACIÓN MARCO	650.000,00
4320.4890000	FUNDACIÓN CONVENTIUN BUREAO	200.000,00
		6.679.965,00

Transferencias a outras Administracións, achegas que fai o Concello que non son finalistas (C)

Aplicación	Institución	Importe
3330.4890001	FUNDACIÓN LAXEIRO	95.000,00
3330.4890000	FUNDACIÓN LISTE	125.000,00
3410.4890002	FUNDACIÓN VIDE	125.000,00
9420.4630000	MANCOMUNIDADE DA ÁREA INTERMUNICIPAL DE VIGO	178.015,20
9420.4680000	ENTIDADE MENOR DE BEMBRIBE	288.952,39
TOTAL (B)		811.967,59





CONCELLO DE VIGO  
INTERVENCIÓN XERAL  
DIRECCIÓN SUPERIOR CONTABLE E ORZAMENTACIÓN

Expediente 225/143

Axustes de recadación e de Contabilidade Local e Nacional

Axustes DRN por Recadación		Outros
1	98.445,98	
2	-55.230,91	
3	-4.831.838,71	
	-4.788.623,64	
Liquidación 2008-2009		221.170,59
Axustes PTE		947.025,86
Total axustes		-3.620.427,19

Estado de gastos consolidado (Entidade Local, XMU, Fundación Marco e Convention Bureau)

Capítulo	2022			2023	
	Créd. iniciais	Créd. definitivos	%	Estimado Obl.Recoñecidas	Créd. iniciais
1	78.604.573,92	79.519.217,25		71.904.279,14	81.280.030,08
2	138.285.426,25	155.803.847,13		140.195.950,53	151.444.316,61
3	32.031,00	52.031,00		30.281,00	57.030,00
4	26.418.928,69	27.624.215,77	95,00%	26.243.004,98	27.395.908,69
5	600.000,00	600.000,00	0,00%	,00	600.000,00
G. Corrente NF	243.940.959,86	263.599.311,15		238.373.515,65	260.777.285,38
6	40.741.352,32	149.009.629,21		74.074.052,72	27.655.189,25
7	841.444,00	6.410.699,20		1.907.728,12	921.444,00
G. capital NF	41.582.796,32	155.420.328,41		75.981.780,84	28.576.633,25
G. Non Financ.	285.523.756,18	419.019.639,56		314.355.296,49	289.353.918,63
8	532.000,00	532.000,00		395.800,00	532.000,00
Total	286.055.756,18	419.551.639,56		314.751.096,49	289.885.918,63

Estado de ingresos Consolidado (Entidade Local, XMU, Fundación Marco e Convention Bureau)

Capítulo	2022			2023	
	Créd. iniciais	Créd. definitivos	%	Estimado Der. Rcoñecidos	Créd. iniciais
1	113.120.306,00	113.120.306,00	100,00%	110.857.899,88	111.719.778,26
2	10.362.766,18	10.362.766,18	100,00%	11.088.159,81	11.001.783,14
3	41.887.457,85	41.898.673,48	105,00%	44.694.458,96	42.863.930,16
4	93.719.998,57	98.045.800,87	98,00%	100.974.495,40	104.309.100,15
5	2.785.059,76	2.825.059,76	100,00%	2.685.856,77	2.936.262,61
I. Corrente NF	261.875.588,36	266.252.606,29		270.300.870,82	272.830.854,32
6	,00	,00		,00	0,00
7	23.648.167,82	26.956.051,91	80,00%	23.055.666,21	16.523.064,31
I. capital NF	23.648.167,82	26.956.051,91	85,53%	23.055.666,21	16.523.064,31
Total I. NF	285.523.756,18	293.208.658,20	100,05%	293.356.537,03	289.353.918,63
8	532.000,00	124.342.681,36	75,00%	395.800,00	532.000,00
Total	286.055.756,18	417.551.339,56	70,35%	293.752.337,03	289.885.918,63

ASINADO POR: TESOUREIRO - (LUIS GARCÍA ÁLVAREZ) 05/09/2022 09:05:27 | INTERVENTOR XERAL - (ALBERTO ESCARIZ COUSO) 05/09/2022 10:27:44

Documento asinado



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 07/09/2022 10:06	Páxina 16 de 18
225-143	CSV: A9ACB2-BF2389-4ED559-Z2VFXJ-DMZKW4-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a>		





CONCELLO DE VIGO  
INTERVENCIÓN XERAL  
DIRECCIÓN SUPERIOR CONTABLE E ORZAMENTACIÓN

Expediente 225/143

*Desagregación capítulo 1 e 2*

Concepto	2022	2023
IBI	71.216.000,00	71.291.680,00
IAE	12.531.000,00	12.280.380,00
IVTM	14.900.000,00	14.602.000,00
IIVTNU	7.400.000,00	5.642.534,48
ICIO	2.501.000,00	2.976.070,00
irpf+ive+iiee	14.935.072,18	15.153.395,21
FCF+Liq/2021	79.349.842,35	82.659.035,52

*Capacidade/Necesidade de financiamento e Débeda viva*

CÁLCULO ESTABILIDADE ORZAMENTARIA						
Capítulos	D.Axustados	Obrigas	2022		2023	
			Sperávit/déficit	Dreitos	Obrigas	
1	110.956.345,86	71.904.279,14				
2	11.032.928,90	140.195.950,53				
3	39.862.620,25	30.281,00				
4	100.974.495,40	26.243.004,98				
5	2.685.856,77	0,00				
O.correntes N.I	265.512.247,18	238.373.515,65	27.138.731,53	272.830.854,32	260.777.285,38	
6	0,00	74.074.052,72				
7	23.055.666,21	1.907.728,12				
Op. Capital N.F	23.055.666,21	75.981.780,84	-52.926.114,63	16.523.064,31	28.576.633,25	
O.N.financeiras	288.567.913,39	314.355.296,49	-25.787.383,10	289.353.918,63	289.353.918,63	
	Axuste CN, liquidación 2008-2009		221.170,59			
	Axuste CN, PTE		947.025,86			
	Necesidade de financiamento		-24.619.186,65			,00

Hai cumprimento do obxectivo de estabilidade orzamentaria nas liñas fundamentais para o ano 2023, condición que xa se cumpría no marco orzamentario.

En canto á estimación de peche do ano 2022, non se prevé que se de cumprimento.

En canto a débeda financeira viva, hai que informar que non hai saldos vivos pendentes de amortizar.

*Obxectivo de débeda pública.*

O artigo 13 da LOEPSF, establece a obriga de non pasar o límite de débeda pública, a esta data non está fixado a porcentaxe, aínda que as EE.LL pecharon o ano 2021 cun endebedamento neto aos efectos do PDE, do 1,8% sobre o PIB.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 07/09/2022 10:06	Páxina 17 de 18
225-143	CSV: A9ACB2-BF2389-4ED559-Z2VFXJ-DMZKW4-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a>		



CONCELLO DE VIGO  
INTERVENCIÓN XERAL  
DIRECCIÓN SUPERIOR CONTABLE E ORZAMENTACIÓN

Expediente 225/143

*Conclusión*

En aplicación do marco normativo e das directrices en relación coas magnitudes tendenciais e directrices de formación dadas polo Sr. Concelleiro de Orzamentos e Facenda, estas son as liñas fundamentais dos orzamentos para o ano 2023 e a previsión de Liquidación do Orzamento do ano 2022, que serán enviados ao Ministerio de Facenda para dar cumprimento ao requirimento antes das 24 horas do día 14/09/2022.

Queda incorporado ás mesmas os convenios vixentes en relación co cofinanciamento doutras administracións.

En Vigo á data da sinatura electrónica

O Tesoureiro-Responsable Superior Contable e Orzamentario: Luís García Álvarez

O Interventor Xeral Municipal: Alberto Escariz Couso

ASINADO POR: TESOREIRO - ( LUIS GARCÍA ÁLVAREZ ) 05/09/2022 09:05:27 | INTERVENTOR XERAL - ( ALBERTO ESCARIZ COUSO ) 05/09/2022 10:27:44

Documento asinado



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 07/09/2022 10:06	Páxina 18 de 18
225-143	CSV: A9ACB2-BF2389-4ED559-Z2VFXJ-DMZKW4-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a>		